



## **SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

### **TEMA 3- LEI 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público**

1. Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei establece e regula:

- a) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas.
- b) O réxime disciplinario dos empregados públicos.
- c) O procedemento administrativo común.

2. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas intégranse en:

- a) As universidades públicas.
- b) Entidades de dereito privado.
- c) O sector público institucional.

3. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, teñen a consideración de administracións públicas:

- a) As administracións das comunidades autónomas.
- b) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- c) As universidades privadas.

4. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno:

- a) Ás políticas públicas.
- b) Aos cidadáns.
- c) Á constitución, á lei e ao dereito.

5. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas relacionaranse entre si e cos seus órganos, organismos públicos e entidades vinculados ou dependentes a través de:

- a) Medios electrónicos.
- b) Medios analóxicos.
- c) Medios dixitais.

6. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o principio de boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional:

- a) Deberano respectar na súa actuación e relacións os cidadáns.
- b) Deberano respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas.
- c) Non será de aplicación, salvo cando se establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou esixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade.





### **SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

7. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a actuación de cada Administración pública desenvólvese para alcanzar os obxectivos que establecen:

- a) As leis e o resto do ordenamento xurídico.
- b) Os cidadáns.
- c) Os organismos públicos.

8. Conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou esixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, deberán elixir a medida menos restritiva e aplicar o principio de:

- a) Simplicidade, claridade e proximidade.
- b) Proporcionalidade.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

9. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, terán a consideración de órganos administrativos:

- a) As unidades administrativas ás que non se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) As unidades administrativas cuxa actuación non teña carácter preceptivo.
- c) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.

10. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación de calquera órgano administrativo esixirá, polo menos, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Delimitación das súas funcións e competencias.
- b) Determinación da súa forma de integración na Administración pública de que se trate e a súa dependencia territorial.
- c) Delimitación dos seus cargos.

11. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán crearse novos órganos que supoñan duplicación doutros xa existentes:

- a) En ningún caso.
- b) Só se se delimitan claramente as súas funcións e competencias.
- c) Se ao mesmo tempo non se suprime ou restrinxo debidamente a competencia dos xa existentes.

12. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos administrativos poderán dirixir as actividades dos seus órganos xerarquicamente dependentes mediante:

- a) Regulamentos.
- b) Instrucións e ordes de servizo.
- c) Verbalmente.





### **SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

13. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as instrucións e ordes de servizo publicaranse no boletín oficial que corresponda:

- a) Cando unha disposición específica así o estableza.
- b) En ningún caso serán obxecto de publicación.
- c) Serán obxecto de publicación cando se estime conveniente por razón do seu contido.

14. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os servizos que forman parte da Administración consultiva e que prestan asistencia xurídica:

- a) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producen os actos obxecto de consulta en situacións de urxencia.
- b) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producen os actos obxecto de consulta cando así se estableza na súa norma de creación.
- c) Non poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producen os actos obxecto de consulta.

15. Conforme ao disposto no artigo 7 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a Administración consultiva poderá articularse mediante órganos específicos dotados de:

- a) Dependencia orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- b) Autonomía orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- c) Dependencia orgánica con respecto á Administración activa.

16. Conforme ao disposto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a competencia é irrenunciable e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia:

- a) Salvo os casos de delegación de sinatura.
- b) Salvo os casos de delegación ou avocación.
- c) Salvo os casos de encomenda de xestión.

17. Conforme ao disposto no artigo 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos poderán ser desconcentradas:

- a) Non cabe a desconcentración de competencias noutros órganos administrativos.
- b) Noutros órganos xerarquicamente independentes daqueles.
- c) Noutros órganos xerarquicamente dependentes daqueles.

18. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración:

- a) Aínda cando non sexan xerarquicamente dependentes.
- b) Soamente cando sexan xerarquicamente dependentes.
- c) En ningún caso.



### **SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

19. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a resolución de recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto de recurso:

- a) En todo caso poderá ser obxecto de delegación.
- b) En ningún caso poderá ser obxecto de delegación.
- c) Deberá ser aprobada polo superior xerárquico común.

20. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación será revogable en calquera momento por:

- a) As Cortes Xerais.
- b) O órgano que a conferiu.
- c) A delegación é irrevogable.

21. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as competencias que se exerzan por delegación:

- a) Non poderán delegarse en ningún caso.
- b) Non poderán delegarse, salvo autorización expresa dunha lei.
- c) Poderán delegarse con autorización do órgano delegante.

22. Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra o acordo de avocación:

- a) Non caberá recurso.
- b) Interporase recurso de reposición.
- c) Interporase recurso de alzada.

23. Conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o obxecto da encomenda de xestión será:

- a) A realización de actividades de carácter material ou técnico.
- b) A delegación de sinatura.
- c) Suplir temporalmente os titulares dos órganos administrativos nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade.

24. Conforme ao disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a validez da delegación de sinatura:

- a) Non será necesaria a súa publicación.
- b) Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Publicarase no *Boletín Oficial do Estado*.

25. Conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a suplencia non implicará alteración da competencia e para a súa validez:

- a) Será necesaria a súa publicación.
- b) Non será necesaria a súa publicación.
- c) Formalizarase mediante a sinatura do correspondente convenio.



### **SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

26. Conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de:

- a) Encomenda de xestión.
- b) Delegación de firma.
- c) Vacante, ausencia ou enfermidade.

27. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, poderán dirixirse ao órgano que se atope coñecendo dun asunto para que decline a súa competencia e remita as actuacións ao órgano competente:

- a) O órgano administrativo que se estime incompetente.
- b) Calquera cidadán maior de idade.
- c) Os interesados que sexan parte no procedemento.

28. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os conflitos de atribucións só poderán suscitarse entre órganos de:

- a) Distintas administracións non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- b) Unha mesma Administración non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- c) Unha mesma Administración relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que finalizase o procedemento administrativo.

29. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, o órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente:

- a) E deberá notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- b) Non é necesario notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- c) O órgano administrativo decidirá en cada caso se notifica ou non.

30. Conforme ao disposto no artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública na que se integran o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados:

- a) Que diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) En ningún caso será necesaria a publicación das normas de funcionamento.
- c) De todos os órganos colexiados que creen as administracións públicas.

31. Conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, corresponde certificar as actuacións dos órganos colexiados e garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectadas ao:

- a) Presidente.
- b) Asesor xurídico.
- c) Secretario.





### **SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

32. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo por parte dun órgano colexiado:

- a) En ningún caso poderán ser obxecto de deliberación ou acordo os asuntos que non figuren incluídos na orde do día.
- b) Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan a metade dos membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable dun terzo dos membros.
- c) Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

33. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia:

- a) Do presidente e secretario e da metade, polo menos, dos seus membros.
- b) Do presidente e secretario e dun terzo, polo menos, dos seus membros.
- c) Do presidente e secretario e dun quinto, polo menos, dos seus membros.

34. Conforme ao disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a acta de cada sesión poderá aprobarse:

- a) Na mesma reunión ou na inmediata seguinte.
- b) Na mesma reunión en todo caso.
- c) Na reunión inmediata seguinte en todo caso.

35. Conforme ao disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, de cada sesión que celebre o órgano colexiado levantarse acta polo secretario, que non especificará necesariamente:

- a) O contido dos acordos adoptados.
- b) O nome de quen non asistiu á reunión.
- c) A orde do día da reunión.

36. Conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a actuación de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas nos que concorran motivos de abstención:

- a) Implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que interveñan.
- b) Implicará, necesariamente, e en todo caso, a nulidade de pleno dereito dos actos en que interveñan.
- c) Non implicará, necesariamente, e en todo caso, a invalidez dos actos en que interveñan.

37. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra as resolucións adoptadas en materia de recusación:

- a) Poderá interporse recurso de reposición.
- b) Poderá interporse recurso de alzada.
- c) Non caberá recurso.





**SUBGRUPO C1-TEMA 3-LEI 40/2015-GALEGO**

38. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de:

- a) 3 meses.
- b) 20 días.
- c) 3 días.

